

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CALDAS DE REIS****Ordenanzas e Regulamentos*****APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS******ANUNCIO***

O Pleno deste Concello, na súa sesión ordinaria do 26/09/2019, adoptou o acordo polo que se aproba provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da TAXA POR SERVIZO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

En cumprimento do disposto no artigo 17 apartados 1 e 2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o acordo de aprobación inicial do expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa someteuse a información pública mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 190 de data 3 de outubro de 2019, polo prazo de trinta días hábiles.

Unha vez finalizado o período de exposición pública e ao non presentarse reclamacións, reparos ou observacións dentro do prazo mencionado, enténdese definitivamente aprobado o acordo de modificación da ordenanza fiscal reguladora TAXA POR SERVIZO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, unha vez introducidas as modificacións aprobadas, procédese a continuación a publicar o texto íntegro da devandita ordenanza.

**“ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE RECOLLIDA,
TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS*****ARTIGO 1. Fundamento e Natureza***

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo, a que se refire o artigo 20.4.s) do citado Texto refundido, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.



Mércores, 27 de novembro de 2019

Núm. 228

ARTIGO 2. Feito Impoñible

2.1.—Constitúe o feito impoñible da taxa, a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, consistente na recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas, de servizos ou inmobles desocupados.

Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódalas vivendas, locais, establecementos comerciais, industriais, profesionais ou doutros usos que estean en condicións de habitabilidade ou utilización con independencia de que estean ou non, habitados ou utilizados.

2.2.—Non están suxeitos á taxa os seguintes:

a) Os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos. As obrigas específicas que necesariamente deberán cumprir os produtores ou posuidores desta clase de residuos, serán as establecidas na Lei de Residuos Sólidos de Galicia.

b) Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.

c) Recollida de escombros de obras.

d) Inmobles en estado de ruína, declarada polo concello de conformidade coa lexislación urbanística vixente, ou aqueles que teñan a condición de soar ou terreo.

e) Inmobles pertencentes ó Concello afectos ós servizos públicos (agás os que estean arrendados ou sometidos a concesión administrativa).

A declaración de non suxeición e a correspondente baixa no Padrón producirase de oficio ou a instancia de parte.

ARTIGO 3. Suxeito Pasivo

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos (ben sexa a título de propietario ou en virtude de calquera título xurídico que outorgue o dereito ó uso do inmovible, como o usufruto, uso, habitación, arrendamento, precario ou calquera outro) situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas do termo municipal, que resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos que constitúen o feito impoñible desta taxa.

En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas, locais ou establecementos; o cal, poderá repercutir no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os beneficiarios do servizo.



Mércores, 27 de novembro de 2019

Núm. 228

ARTIGO 4. Responsables

Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que a Lei xeral tributaria ou a Lei reguladora das facendas locais lles atribúe tal responsabilidade.

ARTIGO 5. Cota tributaria

A cota tributaria calcularase en función da natureza e destino dos inmobles, en atención á súa capacidade estimada de produción de residuos sólidos urbanos.

Para estes efectos, a capacidade estimada de produción de residuos sólidos urbanos estará determinada polas distintas categorías de actividades que se relacionan no ANEXO I, e, no seu caso, en función da superficie que ocupan, agás os establecementos hoteleiros e outros que se rexeran polos elementos especificamente sinalados para os mesmos.

No caso de comercios, industrias e outros non especificados nesta Ordenanza aplicaráselle a cota do apartado que lle sexa máis afín.

No caso de que unha sociedade ou persoa física realice varias actividades nun mesmo local (e estas carezan de acceso independente), aplicarase a cota que resulte de maior importe (en relación coa superficie da mesma) de entre as actividades desenvolvidas segundo o Anexo I.

No caso concreto dos restaurantes con servizo de bar ou cafetería, considerarase só como actividade a de restaurante (cando carezan de acceso independente).

No caso que varias persoas xurídicas ou persoas físicas realicen diferentes actividades compartindo un mesmo local, procederá a aplicación a cada unha delas da cota que resulte da actividade desenvolvida (en relación coa superficie da mesma).

Cando a aplicación das tarifas do ANEXO I veña determinada pola superficie dos locais ou establecementos, considerarase como tal, a falta de máis probas, a superficie total do local que figure no Catastro (segundo referencia catastral).

Nos inmobles destinados a vivenda nos que se desenvolva calquera actividade susceptible de produción de residuos, aplicarase unicamente a cota base correspondente á actividade. Para que esta regra sexa de aplicación, esixirase que a actividade se desenvolva en dependencias propias da vivenda e que carezan de acceso independente.

A contía da cota tributaria poderá actualizarse conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE). A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004.



Mércores, 27 de novembro de 2019

Núm. 228

ARTIGO 6. Beneficios Fiscais

Soamente se admitirán nesta taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidos en tratados, acordos internacionais ou en normas con rango de lei. Establécense neste artigo unha serie de reducións na cota base, segundo as circunstancias e requisitos que se detallan a continuación.

ARTIGO 7. Período impositivo e devengo

Devéngase a taxa, e nace a obriga de contribuír, dende o intre en que se inicie a prestación do servizo de recollida, entendéndose comezado, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento nas rúas ou lugares nas que se atopen as vivendas ou locais propiedade dos suxeitos pasivos. A taxa será esixible a partir do primeiro día da prestación efectiva de dito servizo, sexa ou non solicitado polos contribuíntes.

No suposto de inmobles xa incorporados ó Padrón municipal, devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día do período impositivo, que coincide co ano natural; salvo nos supostos de inicio ou cese de uso do servizo ou actividade, en cuxo caso o período impositivo se axustará a esa circunstancia.

Nos supostos en que se produzan modificacións dos suxeitos pasivos ó longo do período impositivo de cada exercicio tributario, estas modificacións producirán efecto na seguinte liquidación de Padrón, é dicir, no semestre seguinte.

ARTIGO 8. Liquidación

A taxa liquidarase no momento da presentación da solicitude da alta na prestación do servizo.

Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

No suposto de inmobles xa incorporados ó Padrón, a xestión e recadación desta taxa acomodarase ó procedemento previsto para os valores recibo (Padrón, censo, matrícula etc.), prevíndose a cobranza da taxa por períodos semestrais improrrateables.

ARTIGO 9. Ingreso

Nos supostos de alta, procederase á notificación ó interesado da liquidación practicada para o seu ingreso na forma e prazos previstos na Lei Xeral Tributaria.

Cando se trate de liquidacións periódicas, o ingreso da taxa realizarase nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición pública.



Mércores, 27 de novembro de 2019

Núm. 228

ARTIGO 10. Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións relacionadas coas taxas reguladas nesta ordenanza fiscal, haberá que averse ó disposto na Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable o efecto.

ARTIGO 11. Normas de xestión

11.1.—Xestión e aprobación do Padrón: A taxa xestionarase de oficio, a partir dun Padrón que se formará semestralmente, aprobándose mediante resolución do órgano competente. O Padrón conterá todos os datos necesarios, identificativos do suxeito pasivo e do inmovible obxecto da prestación, requiridos pola normativa tributaria.

A exacción da taxa realizarase mediante a emisión dos correspondentes recibos, que serán comunicados ós interesados para os efectos puramente informativos. A comunicación dos recibos non terá o carácter de notificación da liquidación tributaria, que se entenderá realizada mediante a publicación do Padrón correspondente ou mediante a notificación dos actos de modificación puntual do devandito Padrón.

11.2.—Altas, baixas e modificacións: As modificacións, altas e baixas individuais no Padrón levaranse a cabo de oficio ou a instancia dos interesados, cando se modifiquen os supostos de feito que determinan a inclusión no Padrón.

O titular do inmovible, estará obrigado a comunicar as variacións de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmovibles ou actividades gravadas pola taxa. Ditas declaracións deberán presentarse antes de que finalice o semestre natural correspondente. No caso de falta de presentación de declaración ou presentación extemporánea desta, os efectos da mesma terán lugar no Padrón seguinte ao da presentación, é dicir, no seguinte semestre.

Toda alta ou modificación no servizo será obxecto de declaración polo interesado. A solicitude de alta deberá acompañarse de:

a) Identificación do substituto do contribuínte (aportando copia NIF).

b) Copia do título de propiedade do inmovible ou documento xustificativo da mesma, onde quede perfectamente identificado o inmovible obxecto tributario.

Se se solicita a baixa, deberá acompañarse documentación acreditativa de que o inmovible foi declarado ruinoso ou que adquiriu a condición de solar ou terreo. Fóra dos supostos sinalados, só procederá a baixa cando se constate que a vivenda ou local carece de condicións de habitabilidade ou utilización, segundo os parámetros establecidos pola administración tributaria competente en materia de xestión.

No caso de incumprimento da obriga de declarar a alta no servizo, darase de alta de oficio no padrón, practicándose e notificándose ó interesado a oportuna liquidación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.



Mércores, 27 de novembro de 2019

Núm. 228

No non previsto nesta ordenanza, a xestión e recadación da taxa rexeráse polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Cando, por cumprirse as circunstancias previstas no número 3.bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, a persoa titular da consellaría competente en materia de residuos estableza unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos, o importe equivalente ao da dita bonificación minorarase, de xeito proporcional, da cota tributaria que corresponda a cada un dos obrigados ao pago da taxa no exercicio da súa aplicación.

A minoración practicarase no padrón do último semestre do exercicio, en cada un dos recibos que se emita ou, de non ser posible, no primeiro semestre do exercicio seguinte, previo acordo da Alcaldía ou persoa na que delegue as competencias en materia de residuos, no que se determine o importe total da minoración a practicar.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa, aplicándose para a cobranza do segundo semestre de 2019.

A aprobación da presente ordenanza levará consigo a derogación expresa de cantas disposicións municipais contraveñan o disposto no presente articulado.



Mércores, 27 de novembro de 2019

Núm. 228

ANEXO DE TARIFAS (€/ANO)

DOMICILIOS PARTICULARES	COTA BASE
Zona urbana (segundo normas)	80,93
Zona rural	34,69
CAFETERÍAS, BARES, PUBS, CINES E SIMILARES	
Superficie de ata 50 m ²	159,76
Superficie de ata 100 m ²	163,96
Superficie de ata 200 m ²	166,06
Superficie superior a 200 m ²	173,42
SUPERMERCADOS	
Superficie de ata 100 m ²	178,67
Superficie de ata 200 m ²	189,18
Superficie superior a 200 m ²	199,69
BANCOS E CAIXAS DE AFORROS	199,69
COLEXIOS	
Con Comedor	183,93
Sen Comedor	153,45
HOTEIS E BALNEARIOS	
Taxa mínima (1)	113,51
(1) Incrementándose por cada habitación a razón de 0,31 €	
Con servizo de cafetería	138,84
FONDAS, HOSPEDAXES E PENSIÓNS	
Zona urbana	159,76
Zona rural (ata un 50% da redución segundo a frecuencia do servizo. 5€/día redución)	
SERVIZOS OFICIAIS	159,76
ACADEMIAS DE ENSINO	159,76
SALAS DE FESTAS E DISCOTECAS	262,75
RESTAURANTES	183,93
FERRERÍAS, MATERIAS DE CONSTRUCCIÓN, TALLERES MECÁNICOS, CARPINTERÍAS E SIMILARES	
Superficie de ata 50 m ²	187,08
Superficie de ata 100 m ²	191,29
Superficie superior a 100 m ²	195,49
FARMACIAS, PERRUQUERÍAS E OUTROS LOCAIS SIMILARES	
Superficie de ata 50 m ²	159,76
Superficie de ata 100 m ²	163,96
Superficie superior a 100 m ²	166,06
LOCAIS NON TARIFADOS EXPRESAMENTE	159,76
LOCAIS SEN ACTIVIDADE ECONÓMICA OU DESOCUPADOS	80,93



Mércores, 27 de novembro de 2019

Núm. 228

Contra este acordo poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), e todo iso sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

En Caldas de Reis,

O Alcalde

Asdo.: Juan Manuel Rey Rey

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

